

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### PONTEVEDRA

#### Contratos administrativos

#### LICITACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO PARA O EXERCICIO 2019

O Alcalde, por decreto de 23 de maio de 2019, acordou a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación da operación de préstamo, por importe de 1.400.000,00€, destinada ao financiamento de diversas finalidades incluídas no Anexo de Investimentos do Orzamento Xeral para o exercicio de 2019; de acordo coas seguintes condicións financeiras:

— *Importe máximo:* 1.400.000,00€. Este importe se configura como importe máximo da operación. Non obstante poderán realizarse adxudicacións parciais de acordo cos seguintes tramos ou fraccións:

- Ata 500.000,00€
- Ata 1.000.000,00€
- Ata 1.400.000,00€

A tal efecto as Entidades Financeiras poderán realizar ofertas á totalidade ou a todos ou parte dos tramos sinalados, ofertando condicións diferenciadas para cada un deles de acordo co modelo de proposición adxunto no anexo I. No caso de non especificarse na proposición entenderase que as condicións ofertadas para un tramo son as mesmas que para os tramos anteriores ou fracción. A adxudicación poderá realizarse a varias entidades dentro destes tramos tal como se detalla no ARTIGO 14º.

— *Tipo de operación:* Préstamo a longo prazo.

— *Prazo de operación:* 12 anos (incluídos os dous primeiros anos de carencia de amortización).

— *Período de carencia:* 2 anos.

— *Prazo de amortización:* 10 anos, coincidentes coa vida do préstamo.

— *Períodos de amortización:* Trimestres naturais vencidos, mediante sistema lineal de amortización constante.

— *Liquidación de intereses:* Trimestres naturais vencidos.

— *Cota:* Trimestral, comprensiva de amortización de capital e intereses.

— *Tipos de xuro:* Tipo variable: Referenciado a EURIBOR tres meses+ diferencial, segundo se especifica no ARTIGO 3º.



Luns, 3 de xuño de 2019

Núm. 104

— *Amortización anticipada:* Por parte do Concello poderá anticipar, total ou parcialmente, a amortización do préstamo, cun preaviso de un mes, sen custe algún.

— *Disposición do préstamo:* A Entidade/s Financeira/s adjudicataria/s abrirá un período de disposición do crédito durante o prazo de dous anos a favor do Concello de Pontevedra polo importe concertado.

As cantidades do crédito dispostas polo Concello abonaranse na conta operativa que polo Concello se estableza na entidade adjudicataria.

O saldo debedor da conta corrente de crédito devengará, durante o período de disposición, xuros día por día, desde o seguinte a cada disposición e ata a consolidación do préstamo, sendo estes liquidados por trimestres naturais vencidos, pero non se aboará cantidade algunha en concepto de amortización.

O Coste Financeiro do Estado (CFE) tendo en conta a Resolución en vigor na data apertura proceso licitación, isto é, a publicada pola Dirección Xeral do Tesouro de data 8 de maio de 2019 (BOE, nº112 do 10/05/19) se calcula en 35 puntos básicos.

O citado Prego, xunto co resto da información a subministrar ao licitadores que se recolle nos pregos, poderá ser consultado tanto nas oficinas do Órgano municipal de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade, como na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal>) no apartado transparencia/ perfil do contratante/ Licitación de préstamos.

As ofertas poderán ser presentadas, en virtude do establecido no ARTIGO nº8 do Prego, en soporte físico ou papel na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros do Concello de Pontevedra (antes Rexistro Xeral), no seu horario de apertura (de 09,00 a 13,00 horas do 16 de xuño ao 15 de setembro, ou de 08,30 horas a 13,30 horas o resto do ano), durante os quince días naturais seguintes ao da publicación do anuncio de licitación no BOP.

Pontevedra, 28 de maio de 2019.—O Concelleiro Delegado da Área de Contratación e Facenda do Concello de Pontevedra, Raimundo González Carballo.

